

# POR QUE SOMOS SERES DIXITAIS?

... e que cousas se derivan desa situación para a cidadanía

## 1 EXPOSICIÓN

Un 85% da poboación de España usa internet e accede á diario ás redes sociais. As redes representan un terzo do tempo usado na rede.

## 2 HÁBITOS

Conectividade, múltiples dispositivos nun entorno 100% dixital, son características básicas do novo público exposto ás estratexias do márketing.

## 3 CAZA DE DATOS

A explosión de conexións e a conseguinte recollida de miles de datos públicos e privados converten aos analistas nos novos propietarios ou capataces desta inmensa colleita. O terreo é fértil e abonado.

## 4 IDENTIFICACIÓN

Os usuarios debidamente segmentados por idades, ubicación, gustos, conexións mutuas e calquera outro tipo de circunstancia, deixan pegada e son un target identificable: a presa apetecida.

## 5 COMPORTAMENTO

O triunfo da acción inmediata como modelo do comportamento dixital, sobre todo nas redes sociais, estende a reacción impulsiva como sucedáneo do pensamento: ti es o que ti fas. Non penses: maniféstate e actúa.

## 6 O PODER DIXITAL

Os cidadáns deben ser conscientes do seu papel como materia prima e produto básico. Os nosos datos e comportamentos dixitais son o novo combustible do márketing dixital, da política e por suposto do poder económico. Estamos de oferta?